

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 6 DE AGOSTO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a seis de agosto de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno

Local, ao efecto convocada, e sendo as nove horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 18 de xullo de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— UFD Distribución Electricidad S.A.

Consta nas dependencias municipais a seguinte comunicación previa de execución de obras, presentada con data 25 de abril de 2024 (RE-E núm. 231), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A.
---------------------	------------------------------------

CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	MADRID
REPRESENTANTE	FRANCISCO JAVIER RAMOS DÍAZ
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	REDE DE BAIXA TENSIÓN SUBTERRÁNEA
LUGAR	LEBORO
PARROQUIA	RÍO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA
REFª CATASTRAL PARCELA	36047A0870003400000PB
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA	SI (Memoria técnica redactada pola enxeñeira técnica industrial Dona Herminia López Caamaño, en data 24/01/24)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	746,03 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) ANO
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 02/08/24)
TRÁMITE AMBIENTAL	EXENTO (Informe da técnica municipal de Medio Ambiente Dona Yolanda Aguiar Jorge, de data 01/08/24)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- A eficacia da comunicación queda condicionada ao cumprimento dos condicionantes esixidos polos organismos con competencias sectoriais que emitiron autorizacións e/ou informes no expediente.

Cuarto.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de CATORCE EUROS CON NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS (14,92 €).

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Sexto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

— Sociedade Deportiva de Caza e Pesca de Rodeiro

Consta nas dependencias municipais a seguinte comunicación previa de execución de obras, presentada con data 10 de xuño de 2024 (RE-E núm. 324), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	SOCIEDADE DEPORTIVA DE CAZA E PESCA DE RODEIRO
CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	LUGAR DE RODEIRO, PARROQUIA DE RODEIRO
REPRESENTANTE	ÁLVARO JUIZ LORENZO
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	CONTRUCIÓN DE BIOTOPOS
LUGARES	O AZ E MARIÑAOS
PARROQUIA	SAN CRISTOVO DO AZ E CARBOENTES
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN FORESTAL
REFª CATASTRAL PARCELAS	36047A003001060000PA 36047A122003940000LR
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA	NON
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	3.001,50 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	ATA O DÍA 30/10/24
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 24/07/24)
TRÁMITE AMBIENTAL	EXENTO (Informe da técnica municipal de Medio Ambiente Dona Yolanda Aguiar Jorge, de data 23/07/24)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de SESENTA EUROS CON TRES CÉNTIMOS (60,03 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación

efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE

— Gandeiría Coto S.C.

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de inicio de actividade, presentada con data 14 de maio de 2024 (RE-E núm. 263), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	GANDEIRÍA COTO S.C.
CIF	████████
DOMICILIO SOCIAL	LUGAR DE SABORÍN, PARROQUIA DE VILELA
REPRESENTANTE	XABIER VÁZQUEZ PARDO
DNI	████████

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	AMPLIACIÓN DE ALMACÉN PARA MAQUINARIA AGRÍCOLA E FORRAXES
REFERENCIA CATASTRAL PARCELA	36047A012002030000PO
LUGAR	A BAIUCA
PARROQUIA	VILELA
LICENZA URBANÍSTICA	SI (ACORDO XGL DE DATA 21/08/23)
TRÁMITE AMBIENTAL	EXENTO

Consta asemade no expediente, entre outras, a seguinte documentación preceptiva:

- Certificación final de obra asinada polo enxeñeira técnica agrícola Dona Vanessa González Cachafeiro en data 06/05/24 (visado colexial núm. [REDACTED]).
- Acta de comprobación favorable de data 18/07/24.

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido no artigo 24.2 da LECG e no artigo 15.1 do RIAE.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio da actividade e a apertura do establecemento, e faculta ao Concello para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela.

Terceiro.- O Concello poderá exercer en calquera momento as facultades de inspección da instalación ao obxecto de velar polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación de aplicación, de conformidade co previsto no artigo 82 e seguintes do RIAE.

Cuarto.- O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa e habilitarán ao Concello para a súa declaración logo de audiencia do interesado.

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o

momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

4.- ADXUDICACIÓN DA OBRA DE “MELLORA E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS E ACCESOS A NÚCLEOS RURAIS NAS PARROQUIAS DO SALTO, RODEIRO, GUILLAR E ÁLCEME”, INCLUÍDA NO PLAN CONCELLOS 2023 – EXPEDIENTE NÚM. PAS-O 2/2024

ANTECEDENTES

1º.- A Mesa de Contratación da obra de “MELLORA E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS E ACCESOS A NÚCLEOS RURAIS NAS PARROQUIAS DO SALTO, RODEIRO, GUILLAR E ÁLCEME”, incluída na Liña 1 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2023, na reunión celebrada o día 17 de xullo de 2024, realizou por unanimidade proposta de adxudicación da licitación ao favor do licitador que obtivo a maior puntuación, unha vez admitidas e avaliadas todas as propostas presentadas, en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, co seguinte resultado:

A/ Criterios avaliados automaticamente (ata 100 puntos)

LICITADOR	CIF	PREZO	PUNTOS	REDUCIÓN PRAZO EXECUCIÓN	PUNTOS	PUNTUACIÓN TOTAL
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L.	██████	335.513,64 €	24,92	3 MESES	30,00	54,92
HORDESCON S.L.	██████	332.327,37 €	29,19	2 MESES	20,00	49,19
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	██████	301.874,36 €	70,00	3 MESES	30,00	100,00
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS S.L.	██████	345.606,30 €	11,39	3 MESES	30,00	41,39
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A.	██████	318.694,35 €	47,46	3 MESES	30,00	77,46

B/ Resume da puntuación por orde decrecente

LICITADOR	CIF	PUNTUACIÓN TOTAL
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	██████	100,00
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A.	██████	77,46
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L.	██████	54,92
HORDESCON S.L.	██████	49,19
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS S.L.	██████	41,39

2º.- O licitador proposto Construcciones y Obras Taboada Ramos S.L.U. foi requirido para a presentación da documentación preceptiva establecido nas cláusulas 18ª e 19ª do prego (RS núm. 2024-S-RE-297, do 18/07/24)

3º.- Con data 29 de xullo do corrente (RE núm. 2024-E-RE-437), dita sociedade presenta no Concello a seguinte documentación:

- ✓ Designación dunha dirección electrónica habilitada para as notificacións.
- ✓ Garantía definitiva por importe de 12.474,15 €, mediante seguro de caución da entidade ASEFA, SMA S.A., estendido con data 19/07/24 (certificado de seguro núm. [REDACTED]).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 150.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP) dispón literalmente: “O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación (...)”.

Segundo.- O artigo 151 do mesmo texto legal dispón que a resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de quince días.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e de conformidade co establecido na cláusula 22ª do prego de cláusulas administrativas particulares, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Adxudicar o contrato para a execución da obra denominada “MELLORA E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS E ACCESOS A NÚCLEOS RURAIS NAS PARROQUIAS DO SALTO, RODEIRO, GUILLAR E ÁLCEME” a favor do seguinte licitador:

LICITADOR: CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS
S.L.U.

CIF: ██████████

INSCRICIÓN NO RXC DE GALICIA: ██████████

INSCRICIÓN NO ROLECE: SI

IMPORTE DA AXUDICACIÓN SEN IVE: 249.482,94 €

IVE: 52.391,42 €

IMPORTE DA AXUDICACIÓN CON IVE: Trescentos un mil oitocentos setenta e catro euros con trinta e seis céntimos (301.874,36 €)

MOTIVACIÓN DA AXUDICACIÓN: Mellor puntuación en aplicación dos criterios de axudicación establecidos no prego.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao axudicatario e aos licitadores e publicalo non perfil do contratante do Concello.

Terceiro.- A formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes á notificación do presente acordo ao axudicatario.

Cuarto.- Designar á enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Leticia Diéguez Alonso como directora facultativa da obra, e a Dona María Elena Somoza Calviño como coordinadora en materia de seguridade e saúde durante a súa execución.

5.- AUTORIZACIÓN PARA TRANSMISIÓN DE LICENZA MUNICIPAL DE TAXI E SUBSTITUCIÓN DO VEHÍCULO ADSCRITO Á MESMA

ANTECEDENTES

1º.- Dona Elisa Guerra Viana, con DNI núm. ██████████ e con domicilio no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro, solicitou con data 20 de maio de 2024 (RE-E núm. 271) a transmisión da licenza de taxi núm. 10, da que é titular, a favor da súa filla Dona Mélodi Guerra Guerra, con DNI núm. ██████████ e con domicilio no mesmo lugar e parroquia.

2º.- A licenza de taxi núm. 10 foi outorgada inicialmente a Don Manuel Pallares Porto por acordo do Pleno do Concello adoptado na sesión celebrada o día 12 de abril de 1975.

3º.- Con posterioridade á concesión inicial, consta no expediente que a licenza foi transmitida en tres ocasións: a favor de Dona María Saladina Santomé Silva, en virtude de execución de sentenza xudicial; a favor de Don José Antonio Guerra Albor, por acordo da Comisión de Goberno do Concello de data 21 de xullo de 1995; e a favor de Dona Elisa Guerra Viana, por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de data 17 de xaneiro de 2018.

4º.- A licenza atópase en vigor a esta data e adscrita ao vehículo marca SEAT, modelo TOLEDO, con matrícula 0915KLM e co número de identificación [REDACTED], substitución autorizada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de xuño de 2018.

5º.- Solicítase asemade a substitución do vehículo sinalado no apartado anterior por outro de nova adquisición coas características seguintes:

TITULAR: MÉLODI GUERRA GUERRA

MARCA: SKODA

MODELO: OCTAVIA

MATRÍCULA: 8835MTB

DATA DA PRIMEIRA MATRICULACIÓN: 19/07/24

NÚMERO DE IDENTIFICACIÓN: [REDACTED]

6º.- O vehículo anteriormente especificado cumpre cos requisitos legalmente establecidos para autorizar a súa substitución en relación á súa antigüidade e a súa adaptación ás condicións esixidas para a prestación do servizo.

7º.- Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 21 de maio de 2024, efectuouse proposta de resolución favorable para a transmisión *inter vivos* da dita licenza municipal de taxi, e solicitouse á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a emisión do informe vinculante sobre a procedencia de transmitir a autorización interurbana, de conformidade co

previsto no artigo 17.3 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos turismo de Galicia (LTPG).

8º.- Con data 22/05/24 o Servizo de Mobilidade do Departamento Territorial da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes en Pontevedra emite o informe favorable ao outorgamento da correspondente transmisión da autorización VT-N a favor da solicitante.

9º.- Requiriuse a Dona Mélodi Guerra Guerra con data 27/05/24 (RS-E núm. 216) a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos legalmente esixibles para completar o trámite que solicita.

10º.- A interesada achega a documentación requirida en data 02/08/24 (RE-E núm. 444).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 17.1 da LTPG dispón textualmente: *“Previa autorización das administracións competentes, os títulos habilitantes para a prestación de servizos de taxi serán transmisibles a calquera persoa física que o solicite e acredite que cumpre cos requisitos para ser titular destes segundo o establecido na presente Lei. Dita transmisión no terá a consideración de outorgamento de novos títulos (...)”*.

Segundo.- O artigo 17.3 do mesmo texto legal establece que para dita transmisión dos títulos habilitantes a persoa interesada solicitará, en primeiro lugar, o da licenza municipal de taxi.

Terceiro.- O artigo 26 da LTPG dispón que os vehículos adscritos ás licenzas de taxi poderán ser substituídos por outros, previa autorización do órgano concedente, sempre que o vehículo que substitúa ao anterior sexa máis novo e reúna as condicións esixidas para a prestación do servizo.

Cuarto.- Asemade, o artigo 17.5 da citada Lei sinala que *“(...) unha vez autorizada a transmisión da licenza de taxi polo Concello e unha vez inscrita a nova titularidade no Rexistro de Títulos Habilitantes, a Xunta de Galicia resolverá sobre a transmisión da autorización interurbana de taxi (...)”*.

Quinto.- O Regulamento da LTPG, aprobado por Decreto 103/2018, do 13 de setembro (DOG núm. 187, do 01/10/18), establece nos seus artigos 11 e 31 os procedementos para a transmisión e substitución, e a obriga da

tramitalos a través do procedemento coordinado establecido no artigo 3 do mesmo Regulamento.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Autorizar a transmisión da licenza municipal de taxi número 10 que ostentaba Dona Elisa Guerra Viana, a favor de Dona Mélodi Guerra Guerra, con DNI núm. [REDACTED] e con enderezo no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro.

Segundo.- Dispoñer a inscrición da nova titularidade no Rexistro de Títulos Habilitantes.

Terceiro. Autorizar asemade a substitución do vehículo adscrito a dita licenza por outro de nova adquisición coas características sinaladas no antecedente quinto do presente acordo.

Cuarto.- O presente acordo queda condicionado, na súa eficacia, ao outorgamento da autorización interurbana de taxi á nova titular e a súa adscrición ao vehículo sinalado no antecedente quinto do presente acordo. O vehículo deberá cumprir as seguintes condicións:

- a) Deberá cumprir coas características e condicións que, para os vehículos de servizo público, se establecen na Sección 2ª do Capítulo III do Regulamento da LTPG.
- b) Deberá portar en lugar visible a placa de servizo público ou o distintivo "SP".

Quinto.- Aprobar a liquidación da taxa por transmisión de licenzas de taxi por importe de TRESCENTOS EUROS CON CINCUENTA E UN CÉNTIMOS (300,51 €).

6.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DO LUGAR DE RAÑESTRAS, PARROQUIA DE ÁLCEME

VISTO o escrito presentado por Don José Antonio Blanco Rodríguez, veciño do lugar de Rañestras, parroquia de Álceme (RE núm. 1251, do 02/08/24), polo que, na representación de Comisión de festas do lugar de Rañestras, parroquia de Álceme, solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais celebradas os pasados días 31 de xullo e 1 de agosto do corrente, na honra de San Ignacio. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

7.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA EN SITUACIÓN DE BAIXA LABORAL POR INCAPACIDADE TEMPORAL (IT)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Paula Lavandeira Arán, traballadora laboral do Concello na praza de auxiliar de axuda no fogar, causou baixa laboral por incapacidade temporal, derivada de enfermidade común, con data 15 de xullo do corrente. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urgente dun/dunha novo/a traballador/a que preste os devanditos servizos durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos usuarios beneficiarios da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2024, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política

Social e Xuventude, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debera ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde en funcións manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, a proposta da traballadora social municipal Dona María Lara Hermida Fernández, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por substitución, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ EVA LOSADA BARREIRO, con DNI núm. [REDACTED], a tempo completo (37,5 horas/semana), polo tempo que dure a situación de baixa por IT da traballadora Paula Lavandeira Arán.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

8.- CONTRATACIÓNS LABORAIS PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORAS POR GOCE DE VACACIÓNS

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Rosa Castro Rey e Dona M^a Ángeles Pampín Expósito, traballadoras laborais do Concello en prazas de auxiliar de axuda no fogar, teñen solicitado o goce parcial das súas vacacións anuais e permisos laborais en diferentes datas do mes de agosto de 2024. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente duns/dunhas novos/as traballadores/as que presten os devanditos servizos durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que

presta aos usuarios beneficiarios da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que as contratacións propostas non contradín a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2024, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política Social e Xuventude, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que os postos de traballo deberan ser provistos nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde en funcións manifesta que, dada a urxencia das contratacións, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública das mesmas, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, a proposta da traballadora social municipal Dona María Lara Hermida Fernández, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliares de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, das seguintes traballadoras:

- ✓ MARÍA DEMETRIA ROGEL SA, con DNI núm. [REDACTED], a tempo parcial (15 horas/semana), entre os días 11 de agosto e 1 de setembro de 2024, ambos inclusive, en substitución de Rosa Castro Rey.

- ✓ MERITXELL RODRÍGUEZ VIEITES, con DNI núm. [REDACTED], a tempo completo (37,5 horas/semana), entre os días 9 e 28 de agosto de 2024, ambos inclusive, en substitución de M^a Ángeles Pampín Expósito.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

9.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 135,53 €
Por subministro de tinta para impresoras, s/factura núm. 24A/1031 (FACe).
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 69,39 €
Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/factura núm. TA7CN0000953 (FACe).
- FRANCISCO JAVIER ALMÓN CERDEIRA 325,33 €
Honorarios por representación procesual do Concello en procedemento ordinario social núm. 184/2023 ante o Xulgado do Social núm. 1 de Pontevedra, s/minuta núm. 2024/216.
- AGROCAMBA V. FARO S.L 140,00 €
Por subministro de luvas para as auxiliares do Servizo municipal de axuda no fogar (SAF), s/factura núm. 24FV 1032.
- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 49,24 €
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de xuño de 2024, s/factura núm. 24ZNX0161068 (FACe).

- MÁIS ESCOLA S.L. 3.120,00 €, 1.100,00 €, 3.120,00 €, 1.561,03 € E 350,00 €
Por prestación do servizo de reforzo do persoal do Punto de Atención á Infancia (PAI) nos meses de xaneiro, febreiro, marzo e xuño de 2024, s/facturas núm. 688, 690, 707, 710 e 761 (FACe) – *Reparo suspensivo da Intervención levantado por acordo do Pleno de data 19/07/24.*
- JESÚS DIÉGUEZ OSORIO 133,10 €
Por traballos de reparación de voladizo no Centro Público Integrado (CPI) de Rodeiro, s/factura núm. 7/2024 – *Reparo suspensivo da Intervención levantado por acordo do Pleno de data 19/07/24.*
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 414,49 €
Por diversas reparacións eléctricas e de fontanería no Centro Público Integrado (CPI) de Rodeiro, s/factura núm. 11/24 – *Reparo suspensivo da Intervención levantado por acordo do Pleno de data 19/07/24.*
- PABLO GARCÍA PAIS 459,73 €
Por traballos de reparación de diversa maquinaria municipal, s/factura núm. 2024-0125.
- SUMINISTROS SAA-DOZÓN S.L. 258,65 €
Por subministro de repostos para a máquina desbrozadora, s/factura núm. 169 (FACe).
- ASOCIACIÓN CULTURAL RECHOUCHÍOS 400,00 €
Por actuación na programación de cantos de taberna dentro da iniciativa “*Rodeiro de tapas 2024*”, s/factura núm. 7/2024.
- FARO DE VIGO S.A. 326,70 €
Por publicidade institucional do Concello no diario por mor da iniciativa “*Rodeiro de tapas*”, s/factura núm. 2024F0001430 (FACe).
- JAVIER POLO DURÁN 500,00 €
Por representación do espectáculo “*Magic Mateo Show*” dentro da programación de Cultura no Camiño 2024, s/factura núm. 2024-16.

- REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A. 1.161,60 €
Por subministro de aglomerado en frío para obras en camiños municipais, s/factura núm. 0041281003 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas corenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)